

HOMENAXE A CASTELAO

(RIANXO 30-1-1886 - BUENOS AIRES 7-1-1950)



UN MOLLIÑO DE TEXTOS PRA CAVILARMOS NO ALBORECER DO 75

ROSALIA DE CASTRO (1837 - 1885)

*Foi a Páscoa enxoita,
chovéu en San Xoán,
a Galicia a fame
logo chegará.*

*Con malenconía
miran para o mar
os que noutras terras
ten que buscar pan.*

PEDRO PETOUTO (1840 - 1905)

PENSAMENTOS

- 1.— A cultura é unha cousa que abre os ollos, e si non os abre, non é cultura.
- 2.— A historia do home é a historia da loita contra os privilexios.
- 3.— A nova cultura ha ter como tarefa especial o estudo dos privilexios. Logo pois, ¿deixarán os privilexiados a cultura na man dos que razonamos de semellante maneira?
- 4.— Refleusión de Noiteboa: É un erro cantar nesta data pois inda hai moito que facer. Non e tempo de cantar, nin tampouco de chorar: sí de traballar contra ainxusticia, loba de cendentes atiados e privilexiados.

CASTELAO (1886 - 1950)

Certo que a tristura destes dibuxos queima
como a raxeira do sol que pasa por unha lupa;
mais eu non quixen cantá-la ledicia das nosas
festas, nin a fartura dos casamentos, sinón as tre-
mendas angurias do decotío labrego e mariñeiro.
Alguns espíritos sensibles que choran coa melan-
conía dos tangos e dos fados, atoparon desmedida
esta door das miñas estampas; outros espíritos
inertes ollaron pouco patriotismo no afán de ser
verdadeiro. Con todo, eu sigo coidando que o
pesimismo pode ser libertador cando desperta
carraxes e cobiza dunha vida máis limpa. Cicáis
hoxe atacase as nosas mágoas cun humor menos
acedo; mais ninguén pode negarme que as vellas
inxusticias siguen en pé...

UXIO NOVONEYRA (1930)

A AMADOR REY RODRIGUEZ E DANIEL NIEBLA GARCIA

Erguéstesvos cedo aquel día
—a costumbre do traballo—
mañá-cediño pra facernos ca vosa morte